



Cecilia Heikkilä

# A ÚLTIMA FRONTEIRA

**Título:** A última fronteira  
**Autora:** Cecilia Heikkilä  
**Tradutor:** David Álvarez  
**Correctoras:** Mónica Pazos e Saleta Fernández  
**Idioma:** Galego  
**Páxinas:** 44  
**Encadernación:** Tapa dura  
**Tamaño:** 220x280mm  
**Peso:** 200gr  
**Edición:** 1ª edición xaneiro 2024  
**ISBN:** 978-84-127810-0-7  
**Dep Legal:** PO-590-2023  
**Editorial:** Patasdepeixe  
**PVP:** 17,50€

Esta é unha historia íntima e tenra, chea de calor e corazón, sobre unha viaxe planificada desde hai moito tempo a un lugar moi especial. É unha celebración da aventura, a natureza e un vínculo especial entre un avó e o seu neto. Este libro explora sen moralismos a necesidade de protexermos e preservarmos os espazos salvaxes e os hábitats naturais a través dunhas ilustracións impactantes cheas de cores e texturas rechamantes que evocan á perfección a emoción da viaxe e a marabilla das vastas paisaxes naturais.

## Descrición

O avó e o osiño comparten o soño de visitar a última fronteira: un lugar especial e difícil de atopar cheo de criaturas salvaxes e maravillosas, un lugar onde o aire arrecende a arume de piñeiro, un lugar que só viron nunha postal.

Os dous estudan mapas, len libros e practican a acampada para preparárense para a súa aventura. Despois zarpan para o norte, pero cando chegan alí, atopan un porto animado cheo de tendas, onde parece que ninguén lembra a última fronteira. Existirá aínda o fermoso lugar dos seus soños ou nunca poderán atopalo?

Esta historia íntima e colectiva de abraio e aventuras explora a través dun carrusel de imaxes en movemento temas como a celebración da natureza e a fragilidade das paisaxes salvaxes, ao tempo que, de forma paralela, fainos ser conscientes dos afectos familiares e dos vínculos que nos unen á vida en todas as súas dimensións, do persoal ao colectivo, do íntimo ao universal.

A impresionante obra de arte de Cecilia Heikkilä está chea de textura, cor e carácter. A lectora atopará nas súas ilustracións calma e acougo, abraio e emoción.